

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN**

ACORDO do 19 de setembro de 2022, da Xefatura Territorial de Ourense, polo que se somete a información pública a solicitude da declaración de utilidade pública, en concreto, coa necesidade de urxente ocupación, do parque eólico Marcofán, situado nos concellos do Irixo, Boborás e Beariz, na provincia de Ourense (expediente IN408A 2017/020).

Por Acordo do 20 de xaneiro de 2022, da Xefatura Territorial de Ourense, sometéronse a información pública as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción, o proxecto de interese autonómico e o estudo de impacto ambiental do parque eólico Marcofán, situado nos concellos do Irixo, Boborás e Beariz, na provincia de Ourense (DOG núm. 18, do 27 de xaneiro).

O 14 de setembro de 2022 tivo entrada nesta xefatura territorial a solicitude presentada por Marcofán Eólica, S.L. relativa á declaración de utilidade pública do parque eólico Marcofán, coa correspondente relación concreta e individualizada dos bens e dereitos afectados, que se inclúe no anexo deste acordo, para dar cumprimento ao establecido no artigo 44.4 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

En cumprimento do disposto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico; no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica; e no artigo 44 da citada Lei 8/2009, do 22 de decembro, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, e pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, e demais normas vixentes de aplicación, sométese a información pública a solicitude da declaración de utilidade pública relacionada coas instalacións descritas no Acordo do 20 de xaneiro de 2022, da Xefatura Territorial de Ourense (DOG núm. 18, do 27 de xaneiro), que se citan a seguir:

Solicitante: Marcofán Eólica, S.L.; CIF: B32495202.

Denominación do proxecto: parque eólico Marcofán.



Concellos afectados: O Irixo, Boborás e Beariz (Ourense).

Potencia que se vai instalar: 39,2 MW.

Número de aerogeradores: 7×5,6 MW de potencia nominal unitaria.

Producción neta anual estimada: 113.198 MWh/ano.

Subestación: colectora Paraño (obxecto doutro expediente).

Liña de evacuación: CSM PE Marcofán-arqueta receptora subestación colectora Paraño.

Prazo de execución: 9 meses.

Orzamento de execución material: 24.226.677 €.

Características técnicas recollidas no proxecto:

– 7 aerogeradores modelo V162 de 5,6 MW do fabricante Vestas, cunha altura de buxa de 119 m, diámetro de rotor de 162 m, cos seus correspondentes centros de transformación, situados na propia nacelle dos aerogeradores, con potencia unitaria de 7.000 kVA e relación de transformación de 0,720/30 kV.

– Rede eléctrica soterrada a 30 kV, de interconexión entre os centros de transformación dos aerogeradores e o centro de seccionamento e medida (CSM) do parque eólico, composta por tres circuitos con condutores tipo AI RHZ1-OL 18/30 (36) kV de sección variable segundo o tramo, o circuito 1 para a interconexión dos aerogeradores AG1 e AG2, circuito 2 para os AG3, AG4 e AG5, e o circuito 3 para os AG6 e AG7.

– Centro de seccionamento e medida (CSM) do parque eólico, edificio prefabricado en envolvente de formigón monobloque, con celas de protección de entrada e saída de liña a 30 kV, con interruptor automático Inom 1200 A, cela de medida de tensión e cela de protección de transformador para SSAA, de 50 kVA RT 30/0,42 kV. Equipos de control do parque composto por PC e software tipo SCADA para a supervisión local e remota de instalacións e de equipo e medida e facturación.

– Liña de evacuación LSAT a 30 kV composta por tres circuitos eléctricos subterráneos, executados en gabiá única e condutores RHZ1 18/30 kV 3×(1×240/400/630) AI, con ori-



xe no CSM do PE Marcofán e fin en arqueta receptora na subestación colectora Paraño (obxecto doutro expediente).

O obxecto da información pública será a solicitude da declaración de utilidade pública para as citadas instalacións. A declaración de utilidade pública, de acordo co artigo 56.1 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, levará implícita en todo caso a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implicará a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei do 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa.

Documentación que se expón:

1. A relación concreta e individualizada dos propietarios de bens e de dereitos afectados (RBDA-xuño 2022).

O que se fai público, para o coñecemento xeral, así como en particular, dos propietarios dos predios que figuran na relación anexa a este acordo, e das persoas titulares de dereitos reais ou intereses económicos sobre os bens afectados que fosen omitidas, para que poidan examinar a documentación técnica anteriormente relacionada, e de ser o caso, presentar as alegacións ou observacións que consideren oportunas dentro do prazo de trinta (30) días, que se contará a partir do día seguinte ao da publicación deste acordo no *Diario Oficial de Galicia*.

Toda a documentación poderase examinar na Xefatura Territorial da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación en Ourense, rúa Curros Enríquez, nº 1, 32003 Ourense, nos concellos afectados, e na seguinte ligazón web da Consellería:

<https://ceei.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-de-xeracion>

Ourense, 19 de setembro de 2022

Alicia María López Míguez
Xefa territorial de Ourense





ANEXO

**Relación de bens e dereitos afectados polo parque eólico Marcofán (IN408A 2017/020)
nos concellos do Irixo, Boborás e Beariz**

Nº de parcela segundo proxecto	Titularidade proposta	Datos catastrais parcela						Afeccións (m²)						
		Referencia catastral	Termo municipal	Polígono	Parcela	Lugar	Cultivo	Pleno dominio			Servidume de paso		Servidume de voo	Ocupación temporal
								Cimentación	Plataforma	SE/CSM	Vial	Gabia		
1	CMVMC Cerdeira	32036A08200108	O Irixo	082	00108	Prados do Muíño	Pastos	0,0	0,0	0,0	243,0	0,0	4.728,4	0,0
2	CMVMC O Regueiro de Abaixo, O Regueiro de Arribas e As Antas	32014A04500126	Boborás	045	00126	Alargo das Poulas	Matogueira	759,7	4.580,3	0,0	3.177,6	10.010,5	36.299,7	5.490,1
3	CMVMC As Ventelas	32012A01400271	Beariz	014	00271	Monte foral das Vent	Matogueira	0,0	0,0	0,0	19,3	0,0	0,0	0,0
4	CMVMC As Antas	32012A04400567	Beariz	044	00567	Monte As Antas	Matogueira	0,0	0,0	0,0	90,5	0,0	0,0	0,0
5	CMVMC As Ventelas	32012A01400272	Beariz	014	00272	Monte foral das Vent	Matogueira	0,0	0,0	0,0	1.454,3	0,0	0,0	0,0
6	CMVMC O Regueiro de Abaixo, O Regueiro de Arribas e As Antas	32014A04600167	Boborás	046	00167	Lomba	Matogueira	0,0	0,0	0,0	0,0	56,0	0,0	0,0
7	CMVMC As Antas	32012A01300182	Beariz	013	00182	Monte As Antas	Matogueira	0,0	0,0	0,0	0,0	86,6	0,0	0,0
8	CMVMC As Ventelas	32012A01400276	Beariz	014	00276	Monte foral das Vent	Matogueira	0,0	0,0	0,0	1.199,7	0,0	0,0	0,0
9	CMVMC O Regueiro de Abaixo, O Regueiro de Arribas e As Antas	32014A04701505	Boborás	047	01505	Carballeira	Matogueira	0,0	0,0	0,0	0,0	12,1	0,0	0,0
10	CMVMC O Regueiro de Abaixo, O Regueiro de Arribas e As Antas	32014A04701550	Boborás	047	01550	Carballeira	Matogueira	0,0	0,0	0,0	0,0	171,0	0,0	0,0
11	Fernández Ogando, Víctor	32012A01400165	Beariz	014	00165	Valterra	Matogueira	0,0	0,0	0,0	7,9	0,0	0,0	0,0
12	Fernández Andre, José Antonio	32012A01400162	Beariz	014	00162	Valterra	Matogueira	0,0	0,0	0,0	7,0	0,0	0,0	0,0
13	Lorenzo Muradas, Dulcína	32012A01400161	Beariz	014	00161	Valterra	Matogueira	0,0	0,0	0,0	11,5	0,0	0,0	0,0
14	Fernández Andre, José Antonio	32012A01400158	Beariz	014	00158	Valterra	Matogueira	0,0	0,0	0,0	8,5	0,0	0,0	0,0





Nº de parcela segundo proxecto	Titularidade proposta	Datos catastrais parcela						Afeccións (m²)							
								Pleno dominio			Servidume de paso		Servidume de voo	Ocupación temporal	
		Referencia catastral	Termo municipal	Polígono	Parcela	Lugar	Cultivo	Cimentación	Plataforma	SE/CSM	Vial	Gabia			
15	CMVMC As Ventelas	32012A01300193	Beariz	013	00193	Monte foral das Vent	Matogueira	0,0	0,0	0,0	27,4	0,0	0,0	0,0	
16	CMVMC O Regueiro de Abaixo, O Regueiro de Arribas e As Antas	32014A04701546	Boborás	047	01546	Lomba	Matogueira	0,0	0,0	0,0	0,0	362,7	0,0	0,0	
17	CMVMC O Regueiro de Abaixo, O Regueiro de Arribas e As Antas	32014A04701552	Boborás	047	01552	Carballeira	Matogueira	0,0	0,0	0,0	0,0	607,1	0,0	0,0	
18	Toubes Lorenzo, María	32012A01400157	Beariz	014	00157	Valterra	Matogueira	0,0	0,0	0,0	1,0	0,0	0,0	0,0	
19	CMVMC As Ventelas	32012A01400277	Beariz	014	00277	Monte foral das Vent	Piñeiral madeireiro	0,0	0,0	0,0	493,8	0,0	0,0	0,0	
20	Fernández Andre, José Antonio	32012A00600030	Beariz	006	00030	Chancela	Matogueira	0,0	0,0	0,0	0,0	465,1	0,0	0,0	
21	Lorenzo Lorenzo, Francisco	32012A00600031	Beariz	006	00031	Chancela	Matogueira	0,0	0,0	0,0	0,0	18,2	0,0	0,0	
22	CMVMC Muradás	32012A01400280	Beariz	014	00280	Monte Chancela	Matogueira	0,0	0,0	0,0	1.091,4	0,0	0,0	0,0	
23	CMVMC As Antas	32012A00600040	Beariz	006	00040	Monte As Antas	Piñeiral madeireiro	0,0	0,0	0,0	0,0	3.058,1	0,0	0,0	
24	CMVMC O Regueiro de Abaixo, O Regueiro de Arribas e As Antas	32014A04701504	Boborás	047	01504	Lomba e Chancela	Matogueira	0,0	0,0	0,0	0,0	11,1	0,0	0,0	
25	CMVMC Muradás	32012A00700001	Beariz	007	00001	Monte Chancela	Piñeiral madeireiro	0,0	0,0	38,5	0,0	4.981,9	0,0	0,0	
26	CMVMC Muradás	32012A00800409	Beariz	008	00409	Monte Chancela	Piñeiral madeireiro	0,0	0,0	0,0	0,0	1.210,9	0,0	0,0	
27	CMVMC Muradás	32012A00800408	Beariz	008	00408	Monte Chancela	Piñeiral madeireiro	1.139,5	8.279,0	0,0	17.219,2	10.290,9	67.896,7	14.689,3	
28	CMVMC Iglesiasario	32012A00800415	Beariz	008	00415	Monte Marcofán	Piñeiral madeireiro	759,7	4.557,8	0,0	2.837,0	2.290,5	36.354,8	3.161,7	